

UD02. Retos da sostibilidade. Un compromiso global

Liliana García Lago


Contidos

2.1. A sostibilidade e o desenvolvemento.

2.2. A por un mundo mais sostible.

2.3. A produción e o desenvolvemento.

2.4. O compromiso empresarial.





Reflexiona.

Dous grandes do panorama artístico, Björk e Rosalía, unen as súas voces en “Oral”, unha chamada á preservación ambiental.

<https://es.rollingstone.com/bjork-y-rosalia-colaboran-en-oral/>

Actividades iniciais:


1. Cres que precisamos de máis referentes que nos falen destes temas para que todos e todas sexamos conscientes?
2. Coñeces algún/ha *influencer* ou segues algunha canle en redes sociais na que se fale destes temas?

2.1. A sostibilidade e o desenvolvemento

Os modelos de desenvolvemento tradicionais centrados no crecemento económico e produtivo infinito, non poden manterse indefinidamente nun mundo con capacidades limitadas. A adopción de **prácticas sostibles é necesaria e urxente**.

A **sostibilidade** é unha práctica baseada na idea de integrar sociedades e as súas actividades no espazo que as rodea **de xeito eficiente**, co obxectivo de satisfacer as necesidades das xeracións actuais, **sen comprometer as necesidades das xeracións futuras**. Para logralo é indispensable evitar o esgotamento dos recursos naturais e coidar o medio ambiente.


A sostibilidade oponse á idea de que a natureza é un instrumento a disposición dos seres humanos e unha fonte inesgotable de recursos. A partir da década de 1970 comezou a formularse a idea de **desenvolvemento sostible** como un modelo alternativo de desenvolvemento.



Culturas andinas en armonía coa natureza.
Pachamama

2.1. A sostibilidade e o desenvolvemento

O **desenvolvemento sostible** está orientado non só en protexer o medio ambiente e evitar o esgotamento dos recursos, senón que atende a mellorar a calidade de vida das persoas en tres dimensións, e a que ditas melloras podan ser sostidas no tempo. Ningún aspecto é máis importante ca outro, porque, se un deles fracasa, os demais tamén se ven afectados.



O **informe Brundtland** (1987) foi todo un fito histórico xa que por primeira vez é rexistrado o concepto de desenvolvemento sostible nas 3 dimensións (social, ambiental e económica); ademais explorou a relación entre igualdade social, crecemento económico e sostibilidade.

2.1. A sostibilidade e o desenvolvemento



Poden existir as cidades sostibles, respectuosas co medio ambiente e os seus habitantes?

Parece unha boa idea, pero adaptarse a ese modelo **non é unha tarefa fácil**. Incluso nos países con maior poder adquisitivo existen problemáticas nas tres dimensións.



Que futuro nos agarda?

2.1.A sostibilidade e o desenvolvemento

É o **desenvolvemento sostible** a única opción de saída?

Hai quen considera que os termos **desenvolvemento** e **sostibilidade** son incompatibles xa que consideran que é imposible aumentar o benestar social sen prexuízo do crecemento económico e sen prexudicar ao medio ambiente. Por iso, propoñen o **decrecemento económico**, en forma de redución gradual dos niveis de produción e consumo. Considera que é posible **vivir mellor con menos**, para non sobrepasar a biocapacidade do planeta.

A **teoría do decrecemento económico** enfróntase a moitas críticas, xa que a maioría dos economistas considera que a redución do consumo provocaría descenso de produción, perdas de emprego, maior nivel de pobreza e afectaría negativamente ao benestar da sociedade. Ademais de que os países menos desenvoltos non poderían expandir as súas propias economías, coas consecuencias que isto conleva.



2.1.A sostibilidade e o desenvolvemento

Entón, cal é a solución?

Non existe unha única solución para un problema global tan complexo, pero algunhas iniciativas son chave


- A cooperación internacional e apoio económico.
- O fortalecemento das institucións públicas que garantan a paz e o benestar social.
- O establecemento de alianzas que impulsen o desenvolvemento sostible
- O apoio a economías en desenvolvemento para favorecer a diversificación produtiva e superar a dependencia dos recursos naturais
- O avance na descarbonización e fomento de enerxías renovables
- O aumento na inversión en I+D+i (Investigación, Desenvolvemento, innovación) para incrementar a eficiencia produtiva e enerxética.



Pequenos xestos axudan ao planeta

2.2. A por un mundo máis sostible

A cooperación internacional, o apoio económico e o establecemento de alianzas son **factores chave** para superar a emerxencia ambiental e social, e fomentar o **desenvolvemento sostible** do planeta.





2.2. A por un mundo máis sostible

O desenvolvemento sostible involúcranos a todos e todas. Cada un, na súa medida, pode facer grandes aportes ao benestar do planeta.


Organismos internacionais	Teñen unha gran responsabilidade xa que son as capaces de reforzar as alianzas entre países e de establecer políticas globais. Os máis importantes son: as Nacións Unidas, o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, a Organización Mundial do Comercio, a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) e a Organización Mundial da Saúde.
Bloques rexionais e económicos	Durante décadas a UE sinalou o rumbo en materia ambiental e de desenvolvemento, mentras que EE.UU. dominaba o plano económico. Na actualidade, potencias emerxentes como China, Rusia e India comezan a establecer acordos comerciais. Destacan os BRICS , o G7 e a OPEP .
Empresas	Son as que xeran maior impacto ambiental a partir dos seus modelos. P.ex: Tesla , Apple .
ONG	Teñen a capacidade de impulsar iniciativas a escala local, polo que son moi importantes no traballo coas comunidades. Xeran un impacto menor, pero máis concreto.
Comunidades	Mobilizacións por unha causa común, que ás veces ten unha gran influencia nos gobernantes.
Persoas	Modificar as nosas pautas de consumo permítenos reducir a nosa pegada ecolóxica e ter unha maior conciencia ambiental.

2.2. A por un mundo máis sostible



EDS: educación para o desenvolvemento sostible

Que fixemos ata agora?



2.2. A por un mundo máis sostible

Cal é a postura da Unión Europea sobre o desenvolvemento sostible?

O **Tratado da Unión Europea** incorpora o desenvolvemento sostible como un principio fundamental das súas políticas. Os países membros deben seguir unha serie de normativas que garantan o cumprimento dos **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030**.

Pacto Verde Europeo

- **Obxectivo:** converterse no primeiro continente climaticamente neutro

Europa adaptada á era dixital

- **Obxectivo:** capacitar ás persoas coa axuda de novas tecnoloxías

Economía ao servizo das persoas

- **Obxectivo:** garantir a xustiza social e a prosperidade para todos todas

Europa máis forte no mundo

- **Obxectivo:** reforzar o liderazgo mundial responsable

Promoción do modo de vida europeo

- **Obxectivo:** promover a cidadanía e os valores europeos

Novo impulso á democracia europea

- **Obxectivo:** potenciar, protexer e consolidar a democracia europea

2.3. A produción e o desenvolvemento sostible

As empresas representan un dos actores sociais máis importantes do desenvolvemento sostible:

- **Dende o punto de vista ambiental:** son as principais demandantes de recursos naturais que usan para fabricar produtos, xerar enerxía ou transportar cargas, ademais de que as eleccións que tomen contribúen nos residuos que se producen.
- **Dende o punto de vista social,** as políticas que adoptan as empresas inflúen directamente nas condicións laborais e na vida das persoas, ademais de ser en gran medida responsables das pautas de consumo.

Existe algunha iniciativa que involucre as empresas e ao sector produtivo?

Si, o **Pacto Mundial** (>160 países) é unha proposta do economista ghanés **Kofi Annan** (secretario de Nacións Unidas en 1999), que aínda non sendo vinculante, serve como folla de ruta para que as empresas incorporen nos seus procesos estratexias de negocio e principios éticos e ambientais universais.



**Boas prácticas
empresariais**

Plataforma COMparte

Persoas emprendedoras



2.3. A produción e o desenvolvemento sostible

Cal é a proposta do Pacto Mundial?

O **Pacto Mundial** aspira a que as empresas incorporen a sostibilidade, co obxectivo de avanzar na concreción dos ODS. Para o cal creáronse **10 principios fundamentais, agrupados en catro eixos**:

Eixo 1: Dereitos Humanos

- Principio 1: Respetar e protexer os Dereitos Humanos.
- Principio 2: Non ser cómplice de violación dos Dereitos Humanos.

Eixo 2: Normas laborais

- Principio 3: Apoiar a libre afiliación e o dereito á negociación colectiva.
- Principio 4: Eliminar calquera forma de traballo forzoso.
- Principio 5: Erradicar o traballo infantil.
- Principio 6: Suprimir as prácticas de discriminación laboral.

Eixo 3: Medio ambiente

- Principio 7: Previr o impacto ambiental de prácticas e produtos.
- Principio 8: Fomentar as iniciativas ambientais responsables.
- Principio 9: Impulsar o desenvolvemento de tecnoloxías respectuosas do medio ambiente.

Eixo 4: Anticorrupción

- Principio 10: combater calquera forma de corrupción.

2.3. A produción e o desenvolvemento sostible

Na Unión Europea establécense normativas mínimas que as empresas deben cumprir co obxectivo de minimizar os danos sobre o medio ambiente e favorecer o benestar da cidadanía.

Plan de sostibilidade	A partir de 2024, as empresas deberán ter o seu plan, adecuado a uns estándares ambientais, sociais e de gobernanza denominados ESRS.
Lei Europea do Clima	As empresas deben calcular as súas emisións e propoñer acción para favorecer a transición enerxética da súa actividade, como plans de mobilidade sostible e de descarbonización.
Lei anticorrupción	As empresas de máis de 50 persoas deben contar cun libro de rexistro de denuncia de acción fraudulentas e corruptas.
Equilibrio de xénero	As empresas deben favorecer o equilibrio de xénero entre os seus membros administradores e garantir a igualdade de acceso a postos xerárquicos.
Estudio de impacto ambiental	É un conxunto de análises técnicos que identifican e avalían os impactos significativos que as obras civís terán sobre a contorna física e a poboación.

2.3. A produción e o desenvolvemento sostible

Ademais creáronse algunhas ferramentas que agregan valor ao produto a través do **etiquetado**, o cal garante uns estándares mínimos de produción.

Sen embargo, non todas as empresas son ambientalmente responsables, e diferenciamos dous factores fundamentais:

- **O factor estrutural:** moitas empresas pequenas non teñen a capacidade de inversión necesaria para modificar as súas prácticas produtivas. E outras empresas, por exemplo as téxtiles, baséanse no *fast fashion* e polo tanto é incompatible.
- **O factor ético:** moitas empresas antepoñen os rendementos económicos, incluso empregando estratexias de falsa sostibilidade e ocultando os verdadeiros impactos dos seus produtos, como ocorre por exemplo no sector da automoción à **greenwashing**.

Este movemento chegou a España en 2014 e xa incorporou a > 200 compañías que cumpre con altos estándares de desempeño social, ambiental, de transparencia pública e responsabilidade legal.



Etiqueta verde	
Etiquetas ISO	
Comercio xusto	
Denominación de orixe protexida	



Tarefas

- ❑ **Tarefa 2.1.** Pensa no sector produtivo ao que pertencen os teus estudos, localiza algún **exemplo de actividade sostible** que saibas se está a levar a cabo e analiza se cumpre ou non coas tres dimensións do desenvolvemento sostible (Dimensión social, ambiental e económica). *Por exemplo: eliminación de plásticos en envases.*
- ❑ **Tarefa 2.2.** Hai moitas accións individuais que nos axudan a levar un estilo de vida sostible. A Fundación Vida Sostible publicou unha [enquisa con 25 accións](#) para saber en que medida estás disposto a poñelas en práctica: *Que farías ti polo teu planeta ameazado?*
 - a) Realiza a enquisa e compróbao.
 - b) Clasifica as diferentes accións en dous grupos: as que requiren un só xesto e as que requiren máis esforzo ou inversión.
 - c) Compara os resultados cos do resto da aula e observa que grao de compromiso hai na túa aula.
- ❑ **Tarefa 2.3.** Rolo de palabras para comprobar o que aprendiches sobre sostibilidade.




Tarefas



Tarefa 2.4. As **ONG** teñen un importante papel que tamén suma na consecución dun mundo máis sostible. **Investiga sobre algunha que coñezas ou existen na túa contorna** e anota no teu caderno de que xeito valoras o traballo que realizan para mellorar a sostibilidade.


Pasos a seguir:

- ✓ Os estudantes deben investigar sobre a misión, obxectivos e actividades principais da ONG, centrándose en como contribúen a sostibilidade. Isto permitiralles recompilar información para logo reflexionar como as actividades que se realizan impactan en áreas como o medio ambiente. A xustiza social, a educación, a saúde, entre outros.
- ✓ Deben preparar unha presentación breve para compartir coa clase. A presentación pode incluír aspectos como a historia da ONG, os seus proxectos destacados, o alcance do seu impacto e como outros poden apoiar o seu traballo.



Tarefas

- ❑ **Tarefa 2.5.** Unha das primeiras prácticas de *greenwashing* comezou nun exclusivo hotel das illas Fiyi, nos anos 80, cun cartel para reducir o numero de toallas que dicía: “*Salva nuestro planeta*”. A mensaxe era unha chamada á responsabilidade dos clientes ou unha estratexia de falsa sostibilidade en plena explotación turística. Resolve e reflexiona sobre isto:
- a) Investiga sobre prácticas de *greenwashing* de empresas coñecidas hoxe en día.
 - b) Como consumidor/a podes detectar algunha destas situación, ou experimentáchelo na túa vida?



2.4. O compromiso empresarial

As empresas teñen a capacidade de xerar cambios que permitan mellorar a calidade de vida dunha parte da sociedade. Conscientes disto, algunha asumen un maior compromiso coa comunidade e incrementan a súa **responsabilidade social corporativa (RSC)**.

A **RSC** é unha forma ética de facer negocios pola que a empresa pon especial coidado no benestar da comunidade e do medio ambiente.

Sostibilidade empresarial

Segundo o Pacto Mundial, é a xestión económica, social e ambiental da empresa, atendendo ás expectativas dos seus **grupos de interese** ou **stakeholders** co obxectivo de crear valor compartido a longo prazo.



Stakeholders ou grupos de interese
Son unha prioridade para as empresas responsables, as cales pensan que é necesario manter un diálogo constante e honesto con eles.

Tarefas

- ❑ **Tarefa 2.6.** Para definir as estratexias de RSC e ASG, as empresas deben identificar aos seus **grupos de interese** e orientar as súas actuación cara a eles. Despois de visualizar o [vídeo anterior](#), responde as seguintes preguntas:
 - a) Cales son os principais grupos de interese que sinalan no vídeo? Que instrumentos poden usar as empresas para recoñecer as súas necesidades?
 - b) Cales son os 4 pilares da matriz empregada para xestionar a relación con estes grupos.
- ❑ **Tarefa 2.7.** Comprensión lectora: [Catro casos de emprendemento social: inspiración e solidariedade.](#) Posteriormente, responde ás seguintes preguntas:
 - a) Que revelou o informe realizado por Esade?
 - b) Explica brevemente en que consisten os catro casos de emprendemento social que se presentan no artigo.



2.4. O compromiso empresarial

Nos últimos anos, o concepto de sostibilidade foi consolidándose e a RSC transformouse nas prácticas sostibles que seguen **3 criterios básicos**: **Ambiental**, **Social** e de **Gobernanza**, coñecidos como **ASG**.

Evolución da RSC

- ✓ **Criterio Ambiental.** Son as actividades que xeran un impacto ambiental, positivo ou negativo: as emisións da empresa, a utilización de enerxías renovables, o consumo de recursos, etc...
- ✓ **Criterio Social.** Son os factores que se relacionan coa sociedade: a saúde, a formación e o crecemento, os dereitos laborais, a igualdade de xénero, etc..
- ✓ **Criterio de Gobernanza.** Son as estratexias xerenciais orientadas a promover o bo goberno corporativo: o compromiso ético, a transparencia e as contas claras, etc...



¿ASG ou ESD? É o mesmo, pero en castelán ou inglés

2.4. O compromiso empresarial

Por que son importantes os criterios ASG?

A adopción dos criterios ASG é esencial para achegarnos ao cumprimento dos ODS. Deste xeito, os logros sociais ou ambientais son tan importantes para as compañías como os económicos. Na actualidade, o índice de sostibilidade das empresas mídese a través dos criterios ASG.

Os dous principais índices que miden o desempeño das empresas en canto aos criterios ASG son:

Unha boa puntuación nestes índices aumenta a confianza dos mercados, atraendo a clientes e clientas, inversores e inversoras.

Dow Jones Sustainability

Avalía a sostibilidade das empresas que cotizan en bolsa e as puntúa de 0-10. En 2023, 15 empresas españolas conseguiron a máxima puntuación: Inditex, BBVA, Banco Santander, Bankinter, Aena, Acciona, Endesa e Iberdrola. ???

FTSE4Good

Avalía a sostibilidade das empresas a partir de seis aspectos específicos dos criterios ASG e as puntúa de 0-5.


2.4. O compromiso empresarial

A boa puntuación das empresas é moi valiosa xa que aumenta a confianza dos mercados en elas, a traendo a máis clientes e clientas e inversores e inversoras de todo o mundo.

Os consumidores e consumidoras non queren os produtos e servizos que non cumpran cuns estándares mínimos de calidade ambiental. Por outra banda, as pautas de consumo poden influír na produción, e así todos podemos construír un mundo máis sostible.

Emprendemento social à organizacións cuxo obxectivo é cumprir unha misión social e son economicamente sostibles grazas á comercialización dos produtos ou servizos. Un exemplo deste emprendemento é a [Fundación Ashoka](#) à apoio a iniciativas de emprendemento social.


- Proxecto *Re-vivendo*: resposta a falta de vivenda no medio rural.
- Proxecto *Amable Access*: iniciativa de turismo sostible.
- Proxecto *Monsegur*: correduría de seguros inclusiva.



Tarefas

❑ **Tarefa 2.8.** Relaciona as seguintes estratexias empresariais que se propoñen co criterio ASG ao que pertencen:

- a) Impulso dun proxecto educativo nunha localidade
- b) Protección da biodiversidade
- c) Satisfacción das persoas traballadoras
- d) Representación paritaria de cargos directivos
- e) Redución da pegada de carbono
- f) Portal de transparencia na empresa
- g) Retribución digna na cadea de subministro
- h) Compromiso fiscal



❑ **Tarefa 2.9.** Afronta as misións deste reto con Genially e comproba os conceptos vistos na unidade



Mundo sostenible

<https://>


view.genially.com/659573ce12796b0014dd2dda/interactive-content-sos-2-repasa-breakout-videojuego-mundo-sostenible



Tarefas finais




Tarefa 2.10. A DEBATE. Como afrontar a situación de emerxencia do planeta?



O punto no que parece que expertos e científicos concordan é que o noso estilo de vida e ritmo de crecemento actual é insostible. O noso planeta non pode ofrecernos recursos ilimitados e estámoslle levando a unha situación insostible. Pero *como debemos como sociedade afrontar este reto?* Hai varias posturas:

- a) Debemos “**decrecer**” ou **crecer moito máis lentos**, consumir menos e aprender a vivir doutra maneira, como nos anos oitenta? Debemos cambiar os nosos costumes e retroceder nos nosos hábitos unas cantas décadas?
- b) Hai formas de **establecer un camiño que nos permita seguir crescendo**, mantendo o noso estilo de vida, pero sen danar o noso mundo? Pode a tecnoloxía actual axudarnos a estas novas necesidades dun crecemento que vaia da man da sustentabilidade do noso planeta?
- c) Que pasa cos **países que parece que están á marxe deste debate** e seguen coma se todo isto non fóra con eles?

Tarefas finais



Tarefa 2.10. A DEBATE. Como afrontar a situación de emerxencia do planeta?

Pasos a seguir:

1. Selección de grupo/postura a debater. Coa información aportada pola profesora.
2. Preparación do debate: identificar puntos chave, elaborar argumentos sólidos e anticipar as respostas do equipo contrario.
3. Normas do debate: participación ordenada e con tempo de intervención; argumentación; respecto e capacidade de escoita e diálogo; oratoria.
4. Realización do debate, conclusión e avaliación.

Tarefas finais



Tarefa 2.11. Visualización de DOCUMENTAL e reflexión sobre a temática seguindo o guión da profesora

Título: [La historia del agua embotellada](#) (*The story of bottled water*).

Director: Louis Fox.

Fecha: 22 de marzo de 2010 (Día Mundial del Agua).

Guion: Louis Fox, Annie Leonard, Jonah Sachs.

País: Estados Unidos.



Bibliografía

- ❑ *Sostenibilidad aplicada al ámbito productivo.*



Outros vídeos

- ❑ [Que futuro nos agarda?](#)
- ❑ [Desenvolvimento sostible](#)
- ❑ [EDS](#)
- ❑ [Plataforma COMParte](#)
- ❑ [Greenwashing](#)
- ❑ [Greenwashing \(2\)](#)
- ❑ [Stakeholders](#)
- ❑ [Catro casos de emprendemento social: inspiración e solidariedade.](#)

